

PLAN
DE
AUTOPROTECCIÓN

CEP PLURLINGÜE SANTA TEGRA

CURSO 2023-2024

ÍNDICE:

1ª PARTE: ANALISE DE RISCOS.....	2
1.- O MEDIO.....	2
1.1.- IDENTIFICACIÓN DO CENTRO.....	2
1.2.- SITUACIÓN XEOGRÁFICA.....	2
2.- O CENTRO ESCOLAR: DESCRICIÓN.....	3
3.-AVALIACIÓN DO RISCO.....	4
3.1.-AVALIACIÓN.....	4
3.2.- PLANOS DE EMPRAZAMENTO DO CENTRO E DO SEU CONTORNO.....	4
2ª PARTE: MEDIDAS DE PROTECCIÓN.....	4
4.- CATÁLOGO DE MEDIDAS DISPOÑIBLES.....	4
4.1.-MEDIOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS.....	4
4.2.-SISTEMA DE AVISO DE ALARMA.....	4
4.3.-EQUIPOS E MATERIAL DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN.....	4
5.-DIECTORIO DE MEDIOS EXTERNOS.....	5
6.-DESEÑO DE EVACUACIÓN.....	5
6.1.-OCUPACIÓN.....	5
6.2.- DESEÑO DE VÍAS DE EVAUACIÓN.....	5
6.3.- NORMAS PARA O ALUMNADO EN CASO DE EVACUACIÓN.....	6
6.4.-SINALIZACIÓN.....	7
7.-PLANOS DO EDIFICIO POR PLANTAS.....	7
3ª PARTE: PROCEDEMENTOS DE APLICACIÓN.....	7
8.-ESTRUTURA, ORGANIZACIÓN E FUNCIÓNS.....	7
8.1.-GRUPO OPERATIVO.....	7
8.1.1.-XEFE DE INTERVENCIÓN E EMERXENCIA.....	8
8.1.2.-EPI (EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN).....	6
8.1.3.-EPA (EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS).....	7
8.1.4.-EE (EQUIPO DE EVACUACIÓN).....	7
9.-OPERATIVIDADE DO PLAN.....	8
9.1.-PRODRAMA DE IMPLANTACIÓN.....	8
9.2.-PROGRAMA DE MELLORA E MANTEMENTO.....	8
9.3.-PROGRAMA DE FORMACIÓN.....	8
10.-ACTIVACIÓN DO PLAN.....	8
10.1.-DIRECCIÓN.....	8
10.2.-FUNCIÓNS E CONSIGNAS.....	9

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

1ª PARTE: ANÁLISE DE RISCOS

1.- O MEDIO

1.1.- IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

CEP Plurilingüe SANTA TEGRA
Rúa Maceiras, 48. Vigo. 36207.

Teléfonos: 886 120 228 / 886 120 227

1.2.- SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O Centro atópase no barrio de Teis, detrás das vivendas sindicais que están preto de Vulcano, a carón da igrexa de San Ignacio (coordenadas 42,2517N e 8,70039W). Para acceder con coche é algo complicado pois hai unha serie de direccións prohibidas e hai que dar varias voltas, de todos os xeitos os camións moi grandes e autobuses de 55 prazas non chegan ata a porta tendo que collelos na rúa Irmáns Misioneiros dos enfermos pobres fronte ao Centro Cívico de Teis.

Pertence ao Concello de Vigo e como edificios significativos preto del están a ermida da Guía distante a uns 600 metros, o Centro Cívico con auditorio a 200 metros e o instituto de A Guía a uns 400.

O Colexio está ubicado nun sitio chan pero ao final da saia do monte da Guía, polo que a carón hai barrancos, concretamente pola parte da igrexa. A parte noroeste e os seus arrabaldes están a medio urbanizar, habendo aínda camiños e carreiros.

Moi preto do colexio existe un lavadoiro coa correspondente poza sen auga, á que chaman río, que foi totalmente reformado hai catro anos polo Concello grazas ás peticións conxuntas dos veciños.

Como zonas arboradas cabe destacar a Carballeira de A Guía que está bastante preto do colexio.

No referente á climatoloxía é a típica da zona: con choivas moderadas, ausencia de nevadas, escaso vento e temperaturas temperadas; se acaso destacar no inverno as neboeiras que soben dende o mar ata o monte.

Con respecto ás vías de comunicación accédese ao mesmo pola rúa Maceiras, tendo o portalón principal a carón da igrexa nunha pequena praza. Tamén pola parte posterior hai outra entrada que dá ao camiño "Cancelo"; polo lado noroeste está pegado á igrexa e polos outros dous lados só existen beirarrúas separando os valados do patio das mesmas e por tanto das casas.

Arredor do Centro non existen instalacións perigosas que merezan especial mención.

2.- O CENTRO ESCOLAR: DESCRICIÓN

O Centro está composto de varios edificios: ao entrar pola porta principal ao patio, á man dereita, está un pequeno pavillón baixo que é a dirección e administración. Logo, ao cruzar o patio, está o edificio escolar propiamente, fronte á entrada deste, está o pavillón-ximnasio e adosados os baños exteriores; tamén hai un espazo de aproximadamente 1,5 m. entre a igrexa e os baños, que da logo a volta por detrás do ximnasio ata o muro exterior. Agora está cuberto e serve como almacén de aparellos e materiais usados polo oficial de instalacións para os pequenos arranxos do colexio.

O edificio das aulas consta de tres andares. No primeiro está o comedor, a biblioteca, as aulas de 1º e 2º, o aseo de 1º e o aseo de 2º, un baño para discapacitados que se utiliza como cuarto da limpeza, un pequeno cuarto onde se cambia o persoal de limpeza, e o oco dun ascensor que nunca foi dado de alta e que, polo tanto, está pendente de instalación polo departamento de Industria. No segundo andar están as aulas de 3º, 4º, 5º e 6º, dous baños para mestres e mestras, un aseo para o alumnado de 3º e 4º e outro baño para o alumnado de 5º e 6º. No andar superior están a sala de mestres, a aula SEL, unha aula compartida de Relixión e A L, aula de Inglés, aula de P T, o despacho da Orientadora e outro espazo de limpeza. Neste 3º andar, no corredor fronte á sala de mestres, atópase un zapón, único sistema de acceder ao tellado. Polo descanso da escaleira entre o 1º e o 2º andar accédese á aula de Audiovisuais (antigo laboratorio) e á aula de Plástica e Música .

A superficie de recreo está formada por un patio cementado multi-funcional; paralelo pero 50 cm máis alto, está outro con dúas canastras de baloncesto; hai outra superficie entre as entradas do edificio e do ximnasio que está cuberta, pois cadra debaixo da aula SEL e a de Música e Plástica, que foron construídas posteriormente ao edificio; tamén hai pequenas zonas axardinadas.

O recinto escolar está valado por un muro de cemento de metro e medio aproximadamente e logo con tela metálica de maia outros tres ou cinco metros; dependendo de se hai casas ou non. A entrada principal está nunha pequena praza compartida coa igrexa, á que se accede por varias rúas entre as casas, non moi anchas. Hai outra porta pequena pegada á igrexa dende a praza, que se abre xunto coa porta principal para as entradas e saídas do alumnado; dende o interior da igrexa tamén hai acceso ao recinto escolar.

Ao solar accédese por un portalón de ferro cunha porta de man de 80 cm. situada dentro dunha grande que é corredoira e pola que poden entrar vehículos cun ancho de 3 metros. Pola parte de atrás tamén hai unha porta de ferro para acceder ao mesmo.

Ao edificio principal accédese por unha porta de aluminio de 170 cm, tendo opción a outra segunda porta ao lado desta pero independente de 85 cm. de ancho. En sentido oposto polo outro lado está a porta de emerxencia con apertura interior de 140 cm.

Para acceder aos andares do edificio das aulas hai dúas escaleiras, a principal ten un ancho de 1,67 m. e a de emerxencia de 1,05 m. Os corredores son aproximadamente de 2,12 m. de ancho.

O edificio está feito de cemento con azulexado interior de metro e medio, as paredes exteriores teñen "cotegrán" e a cuberta é de viguetas con tella do país.

Dentro do edificio hai outros elementos a ter en conta:

- Sistema de calefacción eléctrica con acumuladores (dous por clase).
- Ascensor para discapacitados pero que nunca foi dado de alta. Estamos pendentes da súa instalación por Industria.
- Na entrada do primeiro andar está o cadro eléctrico con todos os interruptores para as luces e a calefacción.

3.- AVALIACIÓN DO RISCO

3.1.-AVALIACIÓN

O risco deste edificio é baixo.

3.2.- PLANOS DE EMPRAZAMENTO DO CENTRO E DA SÚA CONTORNA:

Os planos atópanse como anexos a este documento.

2ª PARTE: MEDIDAS DE PROTECCIÓN

4.- CATÁLOGO DE MEDIOS DISPONIBLES

4.1.- MEDIOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS

O Centro dispón dun extintor de CO² de 3,5 kg (na sala de máquinas do ascensor) e 9 de po de 6 kg cada un (dous por andar no edificio das aulas, un no edificio administrativo, outro no ximnasio e un no almacén do lado da igrexa) que se rechean todos os anos, atopándose en bastante bo estado.

En cada un dos tres andares do edificio educativo hai unha boca de incendio conectada á rede de auga coas súas mangueras correspondentes que se estiran e comprobán todos os veráns.

Tamén dispomos dunha columna hidrante na parede exterior do edificio, á altura da planta baixa, que ten acceso polo exterior e tamén polo interior, sendo utilizada só polos bombeiros e conectada á rede de auga independente.

4.2.- SISTEMA DE AVISO DE ALARMA

Para avisar dunha emerxencia temos interruptores en dous locais. Un sistema está situado ao entrar na dirección na parede da man esquerda e o outro no cadro de mandos eléctricos que están ao entrar no edificio pedagóxico á man dereita.

Tamén temos sistema de alarma contra roubos, os botóns están situados ao entrar no edificio administrativo arriba á man esquerda e ten catro puntos de detección.

Hai un sistema de megafonía co cadro de mandos situado no almacén do edificio administrativo e con altosfalantes en todas as aulas.

4.3.- EQUIPOS E MATERIAL DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN

O centro dispón de catro botiquíns de primeiros auxilios: un no comedor, outro no ximnasio, un terceiro no local que utiliza o oficial de instalacións e un cuarto nun dos aseos do edificio de dirección. Conteñen: luvas estériles, gasas estériles, vendas de

gasa, tiras adhesivas, esparadrapo hipoalérxico, soro fisiolóxico, antiséptico incoloro tipo clorhexidina (Cristalmina), antiséptico coloreado tipo povidona iodada, termómetro, pinzas sen dentes e bolsas de frío instantáneo (no conxelador do comedor).

Para prever posibles labores de rescate simples, contamos con: megáfono portátil, un micrófono inalámbrico, o servizo de megafonía, asubío e dúas escaleiras de diferente altura.

As chaves ou as súas copias están todas na caixa-chaveiro que está situada en dirección detrás da porta de entrada e tamén noutra que está no espazo utilizado polo oficial de instalacións; independentemente das que xa posúen o propio oficial de instalacións, a secretaria e a directora.

5.- DIRECTORIO DE MEDIOS EXTERNOS

Aínda que os números dos teléfonos de emerxencia están no corredor antes de entrar en dirección, recordar que o máis rápido e eficaz será avisar a través do 112.

6.- DESEÑO DE EVACUACIÓN

6.1.- OCUPACIÓN

A ocupación real depende das aulas e está, aproximadamente, entre 11 e 22 alumnos por aula, tendo en conta que o alumnado pode estar nas aulas de especialidades, é dicir, no piso superior en Inglés, AL-Relixión, PT ou aula SEL; tamén poderían estar na aula de audiovisuais, música e plástica ou no ximnasio (neste último lugar non hai maior problema para a evacuación).

6.2.- DESEÑO DAS VÍAS DE EVACUACIÓN

A persoa que detecte a emerxencia (incendio, ameaza de bomba, gretas...), tocará o timbre de forma descontinua e repetida (5 veces). No caso de faltar a electricidade faranse toques de asubío cun chifre (silbato) de xeito repetido. Acto seguido, esta mesma persoa cortará a corrente eléctrica.

Así mesmo, o Equipo Directivo, oficial de instalacións ou os mestres que estean sen alumnado a cargo, despois de avisar ao 112, abrirán as portas e logo axudarán ao desaloxo do alumnado. Por outra banda, comprobarán que o aviso chegou ao ximnasio.

Nas aulas, cada mestre abrirá a porta e organizará a saída do alumnado en fila, de forma rápida pero tamén infundindo tranquilidade. Comprobará que as ventás da aula queden pechadas e logo de saír, tamén a porta. É moi importante que ninguén se pare a recoller nada. Recoméndase cubrir as vías respiratorias co brazo ou coa parte superior do xersei por se na emerxencia se orixina fume. O **punto de encontro** é o centro do campo de fútbol.

A orde no desaloxo é a seguinte:

- O mestre da aula 4 (aula de 2º) abrirá a porta traseira de emerxencia.

- Empezando pola planta baixa, sairá cara ao centro do patio o alumnado que estea nas aulas 1 e 2 (comedor e 1º) pola porta principal e os das aulas 3 e 4 (biblioteca e 2º) pola porta de emerxencia.
- Simultaneamente farano os do 1º andar de xeito análogo: os das aulas 5 e 6 (4º e 6º) pola escaleira e porta principal e os das aulas 7 e 8 (3º e 5º) pola escaleira e porta de emerxencia.
- No 2º andar procederase de maneira idéntica, é dicir, se hai alumnos na aula 9 (aula SEL) ou coa Orientadora (aula 10A), sairán pola escaleira principal e os das aulas 11 (relixión/AL), 12 (Inglés) e PT (aula 10B), sairán pola escaleira e porta de emerxencia.
- Se hai alumnos nas dependencias da aula de Música e Plástica e na aula de Audiovisuais, sairán pola escaleira e porta principal.
- O profesorado deberá comprobar que sae todo o alumnado ao seu cargo e, dentro do seu grupo, sempre será o último en saír, sen esquecer pechar a porta e as fiestras.
- Os mestres da aula 2 (1º curso) na planta baixa e da 5 (4º curso) na primeira revisarán os servizos, desaloxando ao alumnado que se atope neles.
- De atoparse alumnos no ximnasio, ao oír a alarma, tamén sairán ordenadamente cara ao punto de encontro. O mestr@ comprobará que non quede ninguén nos vestiarios.
- Unha vez no punto de encontro, cada mestr@ fará reconto do seu grupo de alumn@s.

6.3.- NORMAS PARA O ALUMNADO EN CASO DE EVACUACIÓN

1. *Tes que coñecer a sinalización acústica de emerxencia: SON DO TIMBRE 5 VECES.*
2. *Déixao todo, non recollas ningún obxecto persoal e ponte na ringleira para saír.*
3. *Fai caso ás indicacións do profesorado.*
4. *Mantén sempre a calma.*
5. *É fundamental que manteñas a orde e permanezas sempre co grupo.*
6. *Se estás fóra da túa aula volve a ela ou colócate na ringleira máis próxima.*
7. *Camiña con axilidade, pero NUNCA CORRENDO.*
8. *Cubre as vías respiratorias co brazo ou coa parte superior do xerse por se na emerxencia se orixina fume.*
9. *Non te deteñas nin deas volta.*
10. *Baixa arrimado/a aos laterais das escaleiras polo pasamán, deixando o espazo do medio libre.*
11. *É imprescindible que fagas a evacuación EN SILENCIO.*

6.4.- SINALIZACIÓN:

A iluminación de emerxencia son uns focos na parede, hai 5 no corredor da planta baixa, 3 no 1º andar, 3 no 2º e 1 á entrada da aula de música e plástica.

7.- PLANOS DO EDIFICIO POR PLANTAS

Os planos das distintas plantas atópanse como anexos a este documento.

3ª PARTE: PROCEDEMENTOS DE APLICACIÓN

8.- ESTRUCTURA, ORGANIZACIÓN E FUNCIONS

8.1.- GRUPO OPERATIVO:

8.1.1.- XEFE DE INTERVENCIÓN E EMERXENCIA:

- ❖ Titular: **Estela Castro García**
- ❖ Suplente: **María Rodríguez Otero**

8.1.2.- EPI (EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN)

- 1º andar** ❖ Responsable: **Manuel Antonio Porteiro Rives**
❖ Suplente: **Leire González Fernández**
- 2º andar** ❖ Responsable: **Adrián Rego Fernández**
❖ Suplente: **Amalia Cota Camiña**
- 3º andar** ❖ Responsable: **Mª Ginesa Mañas Perdiz**
❖ Suplente: **Estela Castro García/ Elena Cobas Mínguez**

8.1.3.- EPA (EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS)

- ❖ Responsable: **Estela Castro**
- ❖ Suplente: **María Rodríguez**

8.1.4.- EE (EQUIPO DE EVACUACIÓN)

- ❖ Andar 1º: **Leire González Fernández**
- ❖ Andar 2º: **Eva Paniagua Gutiérrez**
- ❖ Andar 3º: **Berta Perujo Covelo/Sara López González/Elena Iglesias Domínguez**

9.- OPERATIVIDADE DO PLAN

9.1.- PROGRAMA DE IMPLANTACIÓN

O plan leva implantado dende o ano 2003. Cada curso escolar, no primeiro trimestre, levarase a cabo un simulacro de evacuación avisado co obxecto de familiarizar ao colectivo escolar coas actuacións encamiñadas á evacuación. Ademais, a poder ser, farase un simulacro sen previo aviso en cada un dos seguintes trimestres.

Rematado o simulacro, a Dirección realizará un informe que incluirá, como mínimo, os seguintes puntos:

- a) *Comprobación de se foi respectado o Plan de Evacuación.*
- b) *Medición dos tempos reais.*
- c) *Valoración do comportamento colectivo.*
- e) *Identificación dos problemas xurdidos.*

9.2.- PROGRAMA DE MELLORA E MANTEMENTO

En principio non hai previstas melloras dado que se considera suficiente o sistema actual.

Como medidas de revisión e mantemento están:

- Cambiar o gas dos extintores todos os anos en xaneiro, feito que aproveitamos para que os mestres poidan facer prácticas no manexo dos mesmos.
- No verán o oficial de instalacións estira as mangueras de incendios e comproba que non están estragadas.

9.3.- PROGRAMA DE FORMACIÓN

Cada curso escolar dedicaremos algún tempo todos os titores/as e profesores/as para ver algún vídeo e dar as explicacións oportunas para que o alumnado se familiarice co plan. Será en datas previas aos simulacros.

10.- ACTIVACIÓN DO PLAN

10.1.- DIRECCIÓN:

A persoa encargada de activar o plan é a Directora e en caso de ausencia da mesma, a Secretaria.

10.2.- FUNCIONES E CONSIGNAS:

Non fai falta especificar moitas consignas nin funcións pois o colexio é moi pequeno, non obstante, daránselle a cada profesor as súas propias dentro do plan.

Na porta de cada aula especificase mediante un cartel, as normas de funcionamento en caso de evacuación.

Tamén consideramos necesarias as seguintes:

A) CONTROL DE PERSONAS ALLEAS AO CENTRO.

Non se poderá acceder aos espazos didácticos e pedagóxicos, incluídos os corredores, durante as horas de clase, sen a debida autorización.

B) PROTECCIÓN DO ALUMNADO

O alumnado só poderá abandonar o centro en horario escolar co permiso da directora (no caso de atoparse esta no despacho de dirección) ou de calquera mestre/a do centro, sempre que se avise previamente ao titor/a do alumno/a e sempre que se fagan cargo del os pais/nais ou persoas debidamente autorizadas logo de firmar o correspondente xustificante conforme eximen ao centro de calquera responsabilidade do que lle puidera suceder ao menor.

NOTA: Este Plan de Autoprotección deuse a coñecer a toda a Comunidade Educativa, a través da ANPA e revísase todos os anos.